18299	MONTEMUIÑO SANTOS, JOSE CARLOS	INSPECTOR	1		244,45		244,45
14806	MOO GARCIA, JOSE MANUEL	OFICIAL	1		217,23		217,23
14278	MORQUILLAS RODRIGUEZ, VICTOR MIGUEL	OFICIAL	1		217,23		217,23
12629	MOURIÑO AMIL, JOSE MANUEL	POLICIA	1		203,96		203,96
17130	NEIRA HENCHE, FRANCISCO JAVIER	OFICIAL	1		217,23		217,23
16998	NOVAS ALDAO, MANUEL	POLICIA	1		203,96		203,96
80588	NOVAS MARTÍNEZ, SERAFÍN	POLICIA	1		203,96		203,96
9053	OGANDO GARCIA, ALFONSO	POLICIA	1		203,96		203,96
79360	OJEA GONZALEZ, ROBERTO	POLICIA	2		407,92		407,92
80584	OTERO PENELA, FERNANDO	POLICIA	1		203,96		203,96
78763	OTERO SOTELO, MARCOS	OFICIAL	1		217,23		217,23
80578	OTERO VILLAR, EZEQUIEL	POLICIA	1		203,96		203,96
79376	PEÑA SOLIÑO, AITOR	POLICIA	1		203,96		203,96
79380	PERALES RODRIGUEZ, ENRIQUE	POLICIA	1		203,96		203,96
80587	PÉREZ BARREIRA, XOSÉ ANTÓN	POLICIA	1		203,96		203,96
18276	PEREZ CARRERA, CARLOS MARTIN	OFICIAL	1		217,23		217,23
78286	PÉREZ FERNANDEZ, JOSÉ LUIS	POLICIA	1		203,96		203,96
78765	PEREZ LANDESA, MANUEL F.	POLICIA	1		203,96		203,96
23596	PEREZ MINIÑO, ELOY	POLICIA	1		203,96		203,96
78766	PEREZ MOSQUERA, GABRIEL	POLICIA	1		203,96		203,96
18260	PEREZ REGUEIRA, JOSE ANTONIO	POLICIA	1		203,96		203,96
76528	PEREZ RODRIGUEZ, JUAN MANUEL	POLICIA	1		203,96		203,96
78767	PEREZ RODRIGUEZ, ROBERTO	POLICIA	1		203,96		203,96
78768	PEREZ VAZQUEZ, CARLOS	POLICIA	1		203,96		203,96
79362	PESADO FERNANDEZ, PABLO	POLICIA	1		203,96		203,96
14189	PIÑEIRO PEREZ, ISIDRO	POLICIA	1		203,96		203,96
79111	PRADO SIMÓN, GUILLERMO JOSÉ	POLICIA	1		203,96		203,96
78284	QUINTEIRO VARELA, PABLO	POLICIA	1		203,96		203,96
10464	RELO MARTINEZ, EMILIO	POLICIA	1		203,96		203,96
77020	RÍO DÍZ, PABLO DEL	INSPECTOR	1		244,45		244,45
15846	RIVERA LOPEZ, DEOLINDA	POLICIA	1		203,96		203,96
78769	RODRIGUEZ CAEIRO, JAVIER	POLICIA	1		203,96		203,96
78770	RODRIGUEZ CARPINTERO, ELÍAS ISRAEL	POLICIA	1		203,96		203,96
21410	RODRIGUEZ GONZALEZ, ADOLFO	POLICIA	1		203,96		203,96
80576	RODRÍGUEZ MONTERO, ISMAEL	POLICIA	1		203,96		203,96
78771	RODRIGUEZ RODRIGUEZ, JOSE MIGUEL	POLICIA	1		203,96		203,96
79105	RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, JOSÉ	POLICIA	1		203,96		203,96
12530	RODRIGUEZ VAZQUEZ, JAVIER	POLICIA	1		203,96		203,96
79117	RODRÍGUEZ VILLAR, ÓSCAR	POLICIA	1		203,96		203,96
17147	ROLO SILVA, JOSE LUIS	OFICIAL	1		217,23		217,23
77040	SAAVEDRA GONZALEZ, NARCISO	POLICIA	1		203,96		203,96
77042	SALGADO GONZALEZ, JUAN CARLOS	POLICIA	1		203,96		203,96
23171	SALGADO GONZALEZ, Mª TERESA	OFICIAL	1		217,23		217,23
21114	SANCHEZ PEREZ, GERARDO	POLICIA	1		203,96		203,96
76472	SANCHEZ SANCHEZ, MANUEL	OFICIAL	1		217,23		217,23
21077	SANCHEZ SOUTO, DIEGO	POLICIA	1		203,96		203,96
78287	SANCHEZ VAZQUEZ, OSCAR MANUEL	OFICIAL	1		217,23		217,23
78772	SANTOS REFOJOS, DAVID	POLICIA	1		203,96		203,96
78130	SIERRA CASTELO, JOSE MANUEL	POLICIA	1		203,96		203,96

Nº PERSOAL	NOME	GRADO	N XORN	H. EXTRAS	IMP XORN.	IMP. H EXT	TOTAL
78134	SORDO GARCÍA, MARÍA TERESA	POLICIA	1		203,96		203,96
80589	SOTO RODRÍGUEZ, RICARDO	POLICIA	1		203,96		203,96
79353	SOUTO LOPEZ, IGOR	POLICIA	1		203,96		203,96
78283	SUÁREZ PIÑEIRO, DAVID	POLICIA	1	1	203,96	25,5	229,46
12612	TABOADA PARDO, CELSO	POLICIA	1		203,96		203,96
80600	TELLA DOVAL, JOSÉ MARÍA	POLICIA	1		203,96		203,96
8042	TORIBIO LOZANO, FEDERICO	POLICIA	1		203,96		203,96
78136	TORRADO RODRIGUEZ, ANTONIO	POLICIA	1		203,96		203,96
10607	TORRE GENTIL, PAULINO DE LA	POLICIA	1		203,96		203,96
80598	TOUCEDO ALONSO, JOSÉ	POLICIA	1		203,96		203,96
79358	TOUCEDO GARRIDO, ENRIQUE	POLICIA	1		203,96		203,96
80579	UBEIRA GROSIO, PATRICIA	POLICIA	1		203,96		203,96
80582	VAS COSTA, MANUEL	POLICIA	1		203,96		203,96
22378	VAZQUEZ ALONSO, ALBERTO	OFICIAL	1		217,23		217,23
14210	VAZQUEZ MARIN, ANTONIO	POLICIA	1		203,96		203,96
18253	VAZQUEZ MARTINEZ, MANUEL ANTONIO	POLICIA	1		203,96		203,96
18170	VAZQUEZ VARELA, JOSE MANUEL	INSPECTOR	1		244,45		244,45
21572	VEIGA JORGE, JOSE JESUS	POLICIA	1		203,96		203,96
80586	VERA ARMADA, JARA MARÍA	POLICIA	1		203,96		203,96
79378	VERDE VIEITEZ, JOSÉ MANUEL	POLICIA	1		203,96		203,96
79122	VIDAL LORENZO, LUCÍA	POLICIA	1		203,96		203,96
14261	VIDAL TRIGO, ANTONIO	OFICIAL	1		217,23		217,23
18193	VIGO QUIROS, EMILIO	POLICIA	1		203,96		203,96
77689	VILA CAMPOS, FRANCISCO JOSÉ	OFICIAL	1		217,23		217,23
79121	VILA CAMPOS, PABLO	POLICIA	1		203,96		203,96
6787	VILLANUEVA COSANO, MANUEL	POLICIA	1		203,96		203,96
79106	VILLAR FERNÁNDEZ, JOSÉ MANUEL	POLICIA	2		407,92		407,92
77027	VILLAR MIGUELEZ, MANUEL	POLICIA	1		203,96		203,96
80581	VILLAR SILVA, AIDA	POLICIA	1		203,96		203,96
23975	VIVERO MIJARES, JUAN GUILLERMO	POLICIA	1		203,96		203,96
			215		44684,19	51,00	44735,19

Segundo.- As referidas cantidades aboaranse na vindeira nómina e non orixinaran ningún tipo de dereito individual respecto a valoracións de apreciacións correspondentes a sucesivos períodos.

21(1506).- ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA PROGRAMA “VIGO LABORANDO” CONCEDIDA NA RESOLUCIÓN DO DIRECTOR XERAL DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN. EXPTE. 5270/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Promoción Económica e Emprego, do 24.09.08, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aceptar a subvención concedida na resolución do Director Xeral de Formación e Colocación de data 26 de agosto de 2008, solicitada ao abeiro da orde do 5 de xuño de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia, durante os anos 2008 e 2009, de programas experimentais en materia de emprego, I Plan Integral de Emprego, coas seguintes características:

1.	Denominación do programa:	VIGO LABORANDO		
2.	Ámbito territorial:	Vigo		
3.	Usuarios do programa:	As accións obxecto deste programa dirixiranse prioritariamente aos colectivos de traballadores desempregados presitos no artigo 3 da Orde do 28 de decembro de 2006.		
4.	Nº de participantes:	150		
5.	Obxectivos de inserción:	35%	Nº insercións:	53
6.	Importe da subvención concedida ano 2008:	134.625,00€		
7.	Cofinanciación da entidade ano 2008:	13.462,50€		
8.	Importe da subvención concedida ano 2009:	80.775,00€		
9.	Cofinanciación da entidade ano 2009:	8.077,50€		
10.	Custo total do proxecto:	236.940,00€		
11.	Data de inicio:	01/08/08	Data de fin:	31/03/09
12.	Selección dos participantes:	O Servicio Público de Emprego facilitará a selección dos usuarios a atender.		
13.	Redución da subvención:	A Dirección Xeral de Formación e Colocación establecerá unha redución na cantidade total a percibir polo Concello de Vigo no caso de non cumprirse os obxectivos de inserción previstos no punto 5 do anexo da resolución. A redución calcularase multiplicando o número de demandantes con inserción por 2.600 e a isto, sumaráselle o número dos restantes demandantes atendidos multiplicado por 800. Se esta cifra fora inferior ao importe da subvención concedida, a redución será a diferenza entre ambas cifras.		
14.	Publicidade:	A Dirección Xeral de Formación e Colocación facilitará á entidade do Concello de Vigo un modelo de cartel, que deberá ser colocado nun lugar visible, que permita identificar de xeito claro o Programa que se vai desenvolver.		

2º.- Que por parte do servizo de Promoción Económica e Emprego, se proceda a xestionar a subvención concedida cara a posta en funcionamento do programa “Vigo Laborando”.

22(1507).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA DO COMERCIO NO BARRIO DO PROGRESO DENDE O 29 DE SETEMBRO AO 4 DE OUTUBRO. EXPTE. 2543/104.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador da Tenencia de Alcaldía, do 24.09.08, conformado polo tenente de Alcalde, que di o seguinte:

A Tenencia de Alcaldía en colaboración coa Concellería de Industria e Comercio e a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, ten previsto organizar durante o mes de Setembro-Outubro o evento denominado “Festa do Comercio”.

Este evento está previsto que se leve a cabo pola zona do Progreso. As datas previstas para a súa celebración serán:

Progreso: 29 de setembro ao 4 de outubro

Para a celebración de dito evento, que ten unha duración de 6 días a semana e cun horario de 10:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas, de luns a sábado, terán lugar diferentes actividades de dinamización da rúa (obradoiros infantís, actividades para maiores, etc) así como diferentes animacións polas prazas ou rúas designadas.

Achégase plano coas ubicacións das distintas actividades de dinamización.

As instalacións que se requiren para dita celebración serían as seguintes que se adxuntan no documentno.

- En relación o evento xa se notificou a seguridade, Policía Local, protección civil e a electromecánicos.

De acordo o indicado, proponho á Xunta de Goberno Local:

1º.- Autorizar a celebración “Festa do comercio” no barrio do Progreso dende o día 29 de setembro ata o 4 de outubro.

2º.- Autorizar a montaxe e desmontaxe deste evento nos días que duren as actividades(segundo o plano que se achega)

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(1508).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE PROTEC S.L. POR PERMISO DE OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA CON ANDAMIO NA RÚA ÚRZAIZ, 25 E PARTE TRASEIRA E BAIXA DA RÚA ROGELIO ABALDE. EXPTE. 56022/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 3.09.08, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data 22 de maio de 2008, autorizouse a CONSTRUCCIONES PARAXE, S.L. a ocupación da vía pública cun andamio con paso protexido para peóns con número de expediente 55642/250, cunha ocupación de 30 m² na r/ Urzaiz, 25 e parte traseira en r/ Rogelio Abalde, para rehabilitación de edificio con licenza 54647/421, constituindo unha fianza de 3.000 € (tres mil euros), con número de operación 200800025421 de data 22-05-2008.

Solicitada a devolución da fianza con data 1/07/2008 e número de documento 80082703, unha vez rematadas as obras, remítese ao inspector de Vías e Obras para informe.

Na inspección feita con data 10 de xullo de 2008, indícase que o andamio foi retirado e a efectos da devolución da fianza o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que se PROPÓN:

Proceder á devolución da fianza de 3.000 € (tres mil euros), a favor de PROTEC, S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(1509).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU POLA OCUPACIÓN CUN ANDAMIO MONTACARGAS E VALO DE OBRA NA RÚA URZÁIZ,3. EXPTE. 56516/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 22.09.08, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data 17 de abril de 2008, autorizouse a TELEFÓNICA DE ESPAÑA, SAU a ocupación da vía pública cun andamio montacargas e valo de obra con número de expediente 55359/250, cunha ocupación de 5 m² na r/ Urzaiz, 3, para reforma interior e cambio de fiestras con licenza 62242/421, constituindo unha fianza de 2.586 € (dous mil cincocentos oitenta e seis euros), con número de operación 200800018257 de data 17-04-2008.

Solicitada a devolución da fianza con data 16/07/2008 e número de documento 80089333, unha vez rematadas as obras, remítese ao inspector de Vías e Obras para informe.

Na inspección feita con data 29 de xullo de 2008, indícase que o andamio foi retirado e a efectos da devolución da fianza o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que se PROPÓN:

Proceder á devolución da fianza de 2.586 € (dous mil cincocentos oitenta e seis euros), a favor de TELEFÓNICA DE ESPAÑA, SAU.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

25(1510).- MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS ELECTROMECAÑICAS DOS TUNEIS E PASOS INFERIORES DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 16628/240.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 25.09.08, que di o seguinte:

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en data 12/07/04, adxudicou entre outros o Expte. 16.628/240 “Mantemento Integral das Instalacións electromecánicas dos tuneis e pasos inferiores”, por un período de 2 anos prorrogable en 2 anos máis.

A última prórroga deste contrato (Expte. 12.198/444), rematou o pasado día 31 de agosto de 2008.

Con antelación suficiente, 6 de marzo de 2008, no Servizo de Electro-Mecánicos redactouse o Prego de Prescricións Técnicas, co expte. 12.423/444, remitido posteriormente á Oficina de Contratación o 7 de marzo. Este expediente atópase actualmente na Oficina de Asesoría Xurídica para informe dende o pasado 7 de xullo.

Tendo en conta que as instalacións que regulan o tráfico no interior do túnel deben estar permanentemente controladas e en perfecto estado de funcionamento xa que o contrario suporía un grave perigo para a circulación, e polo que se considera imprescindible que se siga prestando servizo de mantemento a estas instalacións.

Por todo o anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1º.- Encomendar á UTE Imes-Esycsa, adxudicataria ata o 31 de agosto de 2008 que continúen coa prestación do servizo de mantemento dos Tuneis e pasos inferiores, ata a adxudicación do novo contrato, nos mesmos termos e condicións establecidas no prego que serviu de base para a contratación de tal servizo.

2º.- *As certificacións mensuais por prestación do servizo, ao non existir contrato, deberán ser tramitadas mediante expediente de convalidación de gasto sendo financiadas con cargo á partida “Mantemento Túneis e Pasos Inferiores” 4324.227.06.02.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(1511).- BASES DE SELECCIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO PROXECTO “IMOS TRABALLAR”. EXPTE.5206/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 24.09.08, o informe xurídico, do 3.09.08, e de acordo cos informes-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 27.07.08, e do 3.09.08, conformados polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases que se achegan de procedemento de selección do equipo técnico para o desenvolvemento do proxecto “Imos Traballar”.

2º.- Acordar que polo Concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá se proceda a designación dos membros dos órganos de selección establecidos nas bases, respectando o disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

BASES PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN EQUIPO TÉCNICO DO PROXECTO “IMOS TRABALLAR”

Natureza e duración dos contratos:

O contrato terá a modalidade de obra ou servizo de duración determinada a xornada completa, agás o Técnico Xestión Económico-Contable que será a media xornada.

A duración será de un (1) ano de contrato coa posibilidade de dúas prorrogas semestrais.

As retribucións serán as establecidas no Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2008-2011.

Establécense os seguintes períodos de probas:

Para os postos Técnicos superiores e medios:

Tres (3) meses.

Para os postos de persoal de apoio:

Un (1) mes.

Postos de traballo:

Técnicos:

Un/ha (1) Director/a.

Dous/duas (2) Coordinadores/as.

Un/ha (1) Xestor/a proxectos de teleformación.

Un/ha (1) Técnico Xestión Económico-Contable.

Persoal de apoio administrativo:

Un/ha (1) Técnico Informático.

Un/ha (1) Administrativo/a

Funcións e perfís requeridos:

Para o posto de Director/a Técnico/a.

Con funcións de planificación, organización, dirección, xestión e control do desenvolvemento de proxectos e outras actuacións do programa, asumindo a súa representación e coordinando o traballo do resto do equipo.

Titulación superior preferentemente en empresariais ou económicas.

Experiencia, mínima de 4 anos na dirección de proxectos

Coñecemento de informática a nivel usuario.

Coñecemento de idiomas: Inglés e Galego

Para o postos de Coordinadores/as:

Con funcións de coordinación entre programas que permitan a integración das diferentes accións a desenvolver.

Titulación Media ou Superior.

Experiencia mínima de 1 ano na coordinación de equipos no desenvolvemento de proxectos de formación.

Coñecemento de informática a nivel usuario.

Coñecemento de idiomas: Inglés e Galego.

Para o posto de Xestor/a proxectos de teleformación.

Con funcións de xestión e análise de proxectos informáticos de teleformación, análise e diseño de aplicacións, así como selección e avaliación de infraestruturas e plataformas permitan a integración das diferentes accións a desenvolver.

Titulación Media ou Superior preferentemente en enxeñería informática ou telecomunicacións.

Experiencia mínima de 1 ano na xestión de proxectos informáticos relacionados coa teleformación.

Coñecemento de idiomas: Inglés e Galego.

Para o posto de Técnico Xestión Económico-Contable.:

Con funcións de carácter económico-financeiras das distintas accións a desenvolver no proxecto..

Titulación media ou superior, preferentemente en empresarias ou económicas.

Experiencia mínima de 1 ano como Xestor económico ou contable en programas ou proxectos de emprego.

Coñecementos de informática a nivel usuario.

Coñecemento do Galego.

Para o posto de Técnico Informático.

Con funcións de apoio no equipamento e aplicacións informáticas.

Ciclo de grado medio ou superior en informática ou equivalente.

Experiencia mínima de 1 ano mínimo como técnico informático ou similar.

Coñecemento da lingua galega.

Para o posto de Administrativo.

Con funcións de apoio administrativo e atención ó público.

Ciclo de grado medio ou superior de administración, secretariado ou equivalente.

Experiencia mínima de 1 ano como Administrativo con funcións de atención ao público.

Coñecemento de informática

Coñecemento da lingua galega.

Procedemento de selección:

Concurso de méritos entre os/as aspirantes/as convocados/as mediante anuncio público na prensa local.

Os/as candidatos/as interesados presentarán o seu Currículo acreditado segundo o punto 4.b destas bases.

Para acreditar a experiencia laboral (e a formación impartida) presentarase orixinal ou fotocopia da vida laboral, ademais de fotocopias dos contratos de traballo/certificados de empresa. Se no contrato de traballo/certificado de empresa non se especifica claramente as funcións realizadas, achegarase unha certificación de funcións.

Para acreditar a formación recibida presentarase fotocopia do diploma do centro/entidade de impartición, con número de horas.

Baremaranse, unicamente, os currículos dos/as candidatos/as que reúnan o perfil considerado imprescindible para cada posto. No caso de non presentarse á convocatoria un número suficiente de candidaturas apropiadas, a Comisión de Selección valorará, para cada caso, a posibilidade de reducir as características requeridas como imprescindibles.

Non se reclamará nin recollerá ningunha acreditación fora do prazo estipulado.

Ós/ás candidatos/as por posto con maior puntuación no proceso de baremación, antes de pasar á entrevista, reclamaráselle a presentación dos orixinais da vida laboral e resto das acreditacións ou copias compulsadas. A non presentación desta documentación, será causa de exclusión do proceso selectivo.

A Comisión de selección decidirá, para cada posto, cal é a mínima puntuación esixida no proceso de baremación para acceder a entrevista persoal.

Valoración dos méritos aportados:

Esta función realizarana o Servizo de Promoción Económica e Emprego do Concello.

Valoración de méritos para o posto de Director/a:

Titulación (máximo 1 punto):

Titulación establecida como preferente 1,00 puntos.

Valorarase só a experiencia superior ao mínimo necesario en función do perfil do posto solicitado relacionado coa xestión e/ou dirección de proxectos similares ao actual, ou en proxectos informáticos de formación e/ou na coordinación de equipos, como técnico superior (máximo 6 ptos): 0,10 puntos/mes.

Formación complementaria relacionada coa actividade (máximo 1 ptos):

Por cada curso de entre 20 e 39 horas 0,10 puntos.

Por cada curso de entre 40 e 200 horas. 0,20 puntos.

Por cada curso de máis de 200 horas 0,40 puntos.

Coñecemento do Galego (Só se computará o de maior puntuación)

Certificado de aptitude Celga 5 o equivalente 0,50 puntos.

Certificado de aptitude Celga 4 o equivalente 0,40 puntos.

Certificado de aptitude Celga 3 o equivalente 0,30 puntos.

Certificado de aptitude Celga 2 o equivalente 0,20 puntos.

Certificado de aptitude Celga 1 o equivalente 0,10 puntos.

Outros méritos relacionados coa informática ou os idiomas (máximo 1 punto):

Por cada curso de entre 20 e 39 horas 0,10 puntos.

Por cada curso de entre 40 e 200 horas. 0,20 puntos.

Por cada curso de máis de 200 horas 0,40 puntos.

Valoración de méritos para os postos de Coordinadores/as.:

Titulación (máximo 1 punto):

Titulación superior e complementaria da establecida como preferente 1,00 puntos.

Titulación preferente 0,50 puntos.

Valorarase só a experiencia superior ao mínimo necesario en función do perfil do posto solicitado na coordinación de equipos ou en proxectos formación ou emprego (máximo 5 ptos): 0,10 puntos/mes.

Formación complementaria relacionada coa actividade (máximo 1 punto):

Por cada curso de entre 20 e 39 horas 0,10 puntos.

Por cada curso de entre 40 e 200 horas. 0,20 puntos.

Por cada curso de máis de 200 horas 0,40 puntos.

Coñecemento do Galego (Só se computará o de maior puntuación)

Certificado de aptitude Celga 5 o equivalente 0,50 puntos.

Certificado de aptitude Celga 4 o equivalente 0,40 puntos.

Certificado de aptitude Celga 3 o equivalente 0,30 puntos.

Certificado de aptitude Celga 2 o equivalente 0,20 puntos.

Certificado de aptitude Celga 1 o equivalente 0,10 puntos.

Outros méritos relacionados coa informática ou os idiomas (máximo 1 punto):

Por cada curso de entre 20 e 49 horas 0,10 puntos.

Por cada curso de entre 50 e 249 horas. 0,20 puntos.

Por cada curso de máis de 250 horas 0,40 puntos.

Valoración de méritos para o posto de Xestor/a proxectos de teleformación.:

Titulación (máximo 1 punto):

Titulación superior e complementaria da establecida como preferente 1,00 puntos.

Titulación preferente 0,50 puntos..

Valorarase só a experiencia superior ao mínimo necesario en función do perfil do posto solicitado relacionado coa xestión de proxectos de teleformación, en proxectos informáticos de formación e/ou na impartición de cursos de formación relacionados coa informática e as comunicacións. (máximo 5 ptos): 0,10 puntos/mes

Formación complementaria relacionada coa actividade (máximo 1 ptos):

Por cada curso de entre 20 e 49 horas 0,10 puntos.

Por cada curso de entre 50 e 249 horas. 0,20 puntos.

Por cada curso de máis de 250 horas	0,40 puntos.
Coñecemento do Galego (Só se computará o de maior puntuación)	
Certificado de aptitude Celga 5 o equivalente	0,50 puntos.
Certificado de aptitude Celga 4 o equivalente	0,40 puntos.
Certificado de aptitude Celga 3 o equivalente	0,30 puntos.
Certificado de aptitude Celga 2 o equivalente	0,20 puntos.
Certificado de aptitude Celga 1 o equivalente	0,10 puntos.
Outros méritos relacionados coa informática ou os idiomas (máximo 1 punto):	
Por cada curso de entre 20 e 49 horas	0,10 puntos.
Por cada curso de entre 50 e 249 horas.	0,20 puntos.
Por cada curso de máis de 250 horas	0,40 puntos.

Valoración de méritos para o posto de Técnico Xestión Económico-Contable..:

Titulación (máximo 1 punto):

Titulación superior e complementaria 1,00 puntos.

Titulación establecida como preferente 0,50 puntos.

Valorarase só a experiencia superior ao mínimo necesario en función do perfil do posto solicitado relacionada coa xestión económico-contable de programas ou proxectos de formación e/ou emprego (máximo 5 pts):
0,10 puntos/mes.

Formación complementaria relacionada coa actividade (máximo 1 ptos):

Por cada curso de entre 20 e 49 horas 0,10 puntos.

Por cada curso de entre 50 e 249 horas. 0,20 puntos.

Por cada curso de máis de 250 horas 0,40 puntos.

Coñecemento do Galego (Só se computará o de maior puntuación)

Certificado de aptitude Celga 5 o equivalente 0,50 puntos.

Certificado de aptitude Celga 4 o equivalente 0,40 puntos.

Certificado de aptitude Celga 3 o equivalente 0,30 puntos.

Certificado de aptitude Celga 2 o equivalente 0,20 puntos.

Certificado de aptitude Celga 1 o equivalente 0,10 puntos.

Outros méritos relacionados coa informática ou os idiomas (máximo 1 punto):

Por cada curso de entre 20 e 49 horas 0,10 puntos.

Por cada curso de entre 50 e 249 horas. 0,20 puntos.

Por cada curso de máis de 250 horas 0,40 puntos.

Valoración de méritos para os postos de Técnico Informático e Administrativa/o:

Titulación superior e complementaria (máximo 1 punto):

Titulación superior e complementaria 1,00 puntos.

Titulación establecida como preferente 0,50 puntos.

Experiencia profesional: (máximo 5 pts): 0,10 puntos/mes.

Formación complementaria relacionada coa actividade (máximo 2 ptos):.

Por cada curso de entre 20 e 49 horas 0,10 puntos.

Por cada curso de entre 50 e 249 horas. 0,20 puntos.

Por cada curso de máis de 250 horas 0,40 puntos.

Coñecemento do Galego (Só se computará o de maior puntuación)

Certificado de aptitude Celga 5 o equivalente 1,00 puntos.

Certificado de aptitude Celga 4 o equivalente 0,80 puntos.

Certificado de aptitude Celga 3 o equivalente 0,60 puntos.

Certificado de aptitude Celga 2 o equivalente 0,40 puntos.

Certificado de aptitude Celga 1 o equivalente 0,20 puntos.

Outros méritos relacionados coa informática ou os idiomas.(máximo 1 punto)

Por cada curso de entre 20 e 49 horas 0,10 puntos.

Por cada curso de entre 50 e 249 horas. 0,20 puntos.

Por cada curso de máis de 250 horas 0,40 puntos.

Entrevista persoal (Máximo 5 puntos):

A Comisión de Selección, para acadar unha puntuación final que permita seleccionar á persoa máis idónea para os postos de traballo en cuestión realizará unha a entrevista persoal a cada un/unha dos/as aspirantes, que se sumarán á puntuación obtida na valoración dos méritos.

Comisións de selección:

Establecense catro Comisións de selección seguintes :

Posto de Director/a.

Postos de Coordinadores/as:

Posto de Xestor/a proxectos de teleformación.

Posto de Técnico Xestión Económico-Contable

Postos de Técnico Informático e Administrativa/o:

Cada Comisión de selección comporase dos seguintes membros, cos suplentes correspondentes:

1.- Presidente/a:

1.- Secretario/a:

3.- Vocais:

Todas e todos os membros das Comisións de selección establecidas nas presentes bases deberán respetar o establecido no artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Presentación de solicitudes:

Mediante instancia solicitando participar no proceso de selección, definindo o posto ao que opte.

Prazo: 5 días hábiles a partir da data de publicación do anuncio na prensa local.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo. Praza do Rei s/n. (Vigo). Dirixido ao servizo de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.

Horario de entrega: De 9:00 a 13:00 horas.

Documentación: Xunto coa instancia achegarase a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xerais e específicos establecidos nas presentes bases para cada posto de traballo.

O requisito para contratar será comprobado por esta Administración, para os efectos de non incorrer na prohibición prevista no Art. 9.4 da Lei 4/1998, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia, introducido pola Lei 13/2007, do 27 de xullo, en relación co disposto no art. 15.5 do Estatuto dos traballadores.

27(1512).- COLOCACIÓN DUNHA PLACA NO EDIFICIO MUNICIPAL DO AREAL HOMENAXE A D. BONAVENTURA MARCÓ DEL PONT E BORI. EXPTE. 439/107.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do coordinador da tenencia de Alcaldía, de data 18.09.08, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

O Real Club Nautico de Vigo ten previsto levar a cabo diversas actividades culturais con motivo da realización da “Semana Caixanova do Atlántico”.

Unha destas actividades é a exposición que versará sobre a chegada a nosa terra dos industriais cataláns na segunda metade do Século XVIII e a súa decisiva achega para o que hoxe é Vigo como cidade industrial, moderna e emprendedora.

Baixo o título “Galegos e Cataláns 1758-2008”, a devandito exposición renderá unha homenaxe a D.Bonaventura Marcó del Pont e Borí que foi o primeiro indústiral catalán empadroado en Vigo, e que con el nace a primeira fabrica de salgadura o primeiro estaleiro... comezando Vigo a súa actividade febril e industrial e a pasos axigantados comezase a converter nunha praza marítima referente en toda Europa. .

Atendendo á petición do Real Club Náutico de Vigo, e visto o anterior informe, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.-Autorizar a colocación dunha placa de Bronce no edificio Municipal do Areal como homenaxe a D. Bonaventura Marcó del Pont e Borí, por ser este o lugar onde se intalou a primeira fabrica de salgadura en Vigo, co seguinte texto:

Neste soar foi edificada no ano 1758 a primeira fabrica de salgadura de Vigo, fundada por D.Bonaventura Marcó del Pont. A Cidade de Vigo quere render tributo con este recordo, ao cumprise 250 anos deste feito, ao que fora nomeado Rexedor Perpetuo de Vigo, e un dos principais artifices do posterior desenvolvemento de Vigo como cidade.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(1513).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA “AMPLIACIÓN DA BANCADA NO POLIDEPORTIVO DE BOUZAS”. EXPTE. 8021/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director técnico do IMD, do 25.09.08, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, que di o seguinte:

Con motivo da ampliación de bancada no polideportivo do Bouzas a empresa adxudicataria Mondo Iberica, S.A., presenta un informe favorable ao plan de seguridade e saúde adecuado á execución dos traballos, segun o establecido no artigo 7 do R.D. 1627/1997 de 24 de outubro, polo que establecense disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras en construción (B.O.E. 25.10.97), o devandito plan analiza, estudia desenvolve e complementa as previsións do Estudio en función do propio sistema de execución da obra, según establece o apartado 1 do art. 7 do R.D. 1627/97.

Este plan esta rubricado favorablemente en setembro de 2008 por D. Sergio de la Rosa Bermudez, Inxeniero Técnico Industrial e que estará en todo momento na obra e se axusta ao estipulado na lexislación vixente.

Visto o informe anterior, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Nomerar a D. Francisco Javier Fafián Mosquera coordinador de seguridade e saude na fase de execución de obra en representación de NAOS TECNICO, S.L.P.

2.- Aprobar o Plan de seguridade e saúde da obra “AMPLIACIÓN DE BANCADA NO POLIDEPORTIVO DO BOUZAS, realizado por Francisco Javier Fafián Mosquera e informado favorablemente polo Inxeniero Técnico Industrial D. Sergio de la Rosa Bermudez en representación da dirección da obra.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(1514).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE Á FUNCIONARIA D^a. MARTA NUÑEZ ABOY POR ENCOMENDA DE FUNCIONS- 2º TRIMESTRE 2008. EXPTE. 11087/331.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 10.09.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 22.07.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer á administrativa de admón.Xeral, D^a Marta Nuñez Aboy, un complemento de produtividade por importe de 1805,85 € euros, importe calculado en función do importe mensual do complemento específico do posto 191 técnico de actividades culturais e educativas, posto acumulado según resolución do concelleiro delegado de xestión municipal de data 25 de xaneiro de 2008, polo período comprendido entre o 1 de abril e o 31 de xuño de 2008.

Dese traslado da presente resolución á interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

30(1515).- AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DA IV FESTA-CONCERTO STELLDRAGÓNS O 4.10.08 NO PARQUE DE CASTRELOS. EXPTE. 407/107.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do coordinador da Tenencia de Alcaldía, do 10.09.08, conformado polo tenente de alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a celebración da IV Festa-concerto Stelldragons o vindeiro día 4 de outubro de 2008, no parque de Castrelos a partires das 17,00 horas e remate sobre a 1,00 h.

31(1516).- NOMEAMENTO INTERINO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DUNHA DIPLOMADA EN TRABALLO SOCIAL. EXPTE. 18470/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.09.08, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Métodos, do 25.09.08, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Antecedentes:

Con data 2 de xuño de 2008, a Xefa da Sección de Coordinación do Servizo de Benestar Social, co visto e praxe do Xefe de Área de Benestar Social, solicitou a contratación de seis traballadoras sociais dada a carga de traballo orixinada pola entrada en vigor da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e a atención a persoas en situación de dependencia, procedéndose unicamente á contratación de catro por non atoparse máis vacantes nese momento, segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de agosto de 2008.

Posteriormente, con data 24 de setembro, o xefe da área de Benestar Social, co conforme da concelleira-delegada da Área de Xestión Municipal, solicita a nova contratación dunha diplomada en traballo social dado que a seguinte aspirante da lista de substitucións rematou o seu contrato de traballo.

O concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a través de instrucción de servizo de data 25 de setembro actual, autorizou o nomeamento interino doutra diplomada/o en traballo social por acumulación de tarefas.

En execución do citado acordo da Xunta de Goberno Local de 26 de agosto pasado, foron nomeadas funcionarias interinas por acumulación de tarefas catro traballadoras sociais, o terse esgotado a lista de substitucións resultante da derradeira oferta de emprego público correspondente a prazas de Diplomado en Traballo Social, polo que quedou pendente de nomeamento un total de dous/dúas novos/as traballadores/as sociais.

Dado que con data 24 de setembro rematou o seu contrato laboral-temporal por acumulación de tarefas como Diplomada en Traballo Social D^a. Azucena Malvido Rodríguez, aspirante que figura na relación de aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición de Diplomado/a en Traballo Social correspondente a Oferta de Emprego público correspondente o ano 2005 e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

A referida aspirante, unha vez rematada a súa relación contractual co Concello volve a recuperar a súa posición na referida lista de substitucións, de conformidade coas "Normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución da derradeira oferta de emprego público, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 3 de marzo de 2008 e publicadas no BOP de 11 de abril seguinte.

Requerida a mencionada aspirante D^a. Azucena Malvido Rodríguez, D.N.I. 78.739.579-E, que ocupa a terceira posición na referida lista de substitucións a que se refire o anterior parágrafo, (toda vez que as que figuran nos dous primeiros postos como reservas xa foron nomeadas funcionarias interinas por acumulación de tarefas, aceptou expresamente, mediante escrito de datas 25 de setembro actual, optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas, segundo o disposto no art. 10.1 d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando nesta Unidade de Persoal os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no art. 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se dé algunha das circunstancias previstas na mesma.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, de acordo co art. 10 -apartado 3-.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto cód. 81 da RPT vixente).

Así mesmo, o art. 10.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e Decreto Le-xislativo 1/2008, do 13 de marzo do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, (art. 8.2.) establecen que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que resperarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

De conformidade co disposto no apartado “outras disposicións comúns” das bases xerais publicadas no BOP, de 9 de xuño de 2006, e DOG de 21 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2005, “os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos ou escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral”.

Consecuentemente, deben entenderse cumprimentados e darse por respetados os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en réxime de interinidade, xa que as citadas candidatas superaron os exercicios da oposición para a cobertura de sete prazas de diplomado/a en traballo social.

Asemade, e segundo o disposto no art. 23.2 da Lei 51/2007, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2008, poderá procederse ao nomeamento de persoal interino para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, como é o caso.

Por isto, de conformidade co disposto no art. 127.1. h) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, en redacción dada pola Lei 57/2003, o Técnico de Organizaición que subscribe, coa conformidade da xefatura da area de Réxime Interior, propón á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral, a aprobación da seguinte

PROPOSTA:

Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas, dunha Diplomada en Traballo Social, por un período máximo de seis meses, segundo o disposto no art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, xustificada nos escritos remitidos pola xefa de sección de coordinación e polo Xefe de Área de Benestar Social, de datas 2 de xuño e 24 de setembro de 2008, conformados polos respectivos xefe de Área e a concelleira-delegada da Área de Benestar Social.

Segundo.- Nomear funcionaria interina por acumulación de tarefas, por un período máximo de seis meses, a D^a AZUCENA MALVIDO RODRIGUEZ, con DNI núm. 78.739.579-E, aspirante que superou tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Diplomado/a en Traballo Social, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2005, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- O referido nomeamento farase de conformidade co disposto no art. 10.1 d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e art. 8.1. do texto refundido da Lei da función pública de Galicia.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(1517).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e doce minutos. Como secretaria dou fe.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.